

RESOLUCIÓN DO 12 DE XANEIRO DE 2021 DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, POLA QUE O VICERREITOR DE PROFESORADO E PLANIFICACIÓN DOCENTE DÁ PUBLICIDADE AO ACORDO ASINADO O 23 DE DECEMBRO DE 2021 POLO REITOR DA UDC E A REPRESENTACIÓN SINDICAL DO PDI DA UDC

ACORDO SOBRE O RECOÑECIMENTO DO DEREITO DO PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA A PERCIBIR O COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR ACTIVIDADE INVESTIGADORA

Dunha banda, a representación sindical do PDI da UDC (CIG, CCOO, UGT e CSIF)

Da outra, o goberno da UDC (representado polo Xerente e os Vicerreitores de Profesorado e Planificación Docente e de Política Científica, Investigación e Transferencia),

como consecuencia da reunión da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo do persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo do 17 de novembro de 2021 e das reunións entre a representación do PDI e do Goberno da UDC, dos días 2 e 20 de decembro de 2021,

ACORDAN

Recoñecer o dereito do profesorado Axudante Doutor contratado pola Universidade da Coruña para a percepción do complemento de produtividade por actividade investigadora (sexenios de investigación), unha vez a súa actividade investigadora sexa avaliada positivamente co procedemento que a Universidade determine nas convocatorias que publique a estes efectos a partir do ano 2021.

O profesorado Axudante Doutor ao que se lle recoñeza o complemento de produtividade por actividade investigadora percibirá a contía mensual que se fixe en cada anualidade para o profesorado dos corpos docentes correspondente ao nivel 26.

A Coruña, 23 decembro de 2021

Código Seguro De Verificación	tkdQR1pYxM6ft8BG3mEuQQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente - Alberto Valderruten Vidal	Asinado	12/01/2022 10:28:31
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tkdQR1pYxM6ft8BG3mEuQQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

